

PREGO DE PRESCRICIONS TÉCNICAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE BAR E MANTEMENTO DA AREA TERMAL DE BARBANTES- CENLLE

I.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a concesión do servizo de bar e mantemento da área termal de Barbantes no termino municipal de Cenlle (Ourense).

O adxudicatario deberá prever a infraestrutura necesaria en persoal, subministros e servizos de cafetería, con motivo de actividades diarias dos usuarios, de índole recreativa e deportiva. Ocasionalmente, poden organizarse eventos que poidan determinar unha masiva afluencia de persoas.

II.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

A) DEREITOS

O adxudicatario explotará o seu risco e ventura o servizo do bar da área termal de Barbantes.

O adxudicatario estará exento do pago da luz e da auga, gastos que correrán por conta do Concello.

O Concello garantizará:

- O mantemento do céspede en condicións en canto a risco, crecemento e eliminación de pragas.
- O desbroce de toda a zona da área termal (Plano da área - Anexo 1).
- Acceso de coches, aparcamento, beiras 100 metros a ambos lados).
- O Concello garantizará o correcto estado dos columbios, da calidade das augas da surxencia termal con limpeza periódica de vasos mediante hidrolimpadora e cepillado e demais actuacións necesarias para o correcto funcionamento das instalacións e sempre que non sexan obrigacións do adxudicatario.

B) OBRIGACIÓNS

- Servizo de vixilancia, que implica o control de acceso, actividades e comportamento dos usuarios da área termal debendo especialmente velar polo bo uso das instalacións, advertindo aos mesmos do posible incumprimento das normas e do dereito de admisión que se reserva ao adxudicatario e ao Concello.
- Servizo de sinalización, deberá colocar en dous puntos do perímetro do valado, as normas elementais.
- Servizo de mantemento, implica a vixilancia e conservación dos inmobles, bens naturais e mobles que constitúan os elementos materiais da área termal. Se realizará a limpeza diaria dos charcos sen valeirado (robot, filtro automático, pasar redes para evitar elementos extraños suspendidos...).
- Deberá supervisar diariamente do bo funcionamento do regato, sistema de filtrado, alarmas, iluminación nocturna... dando aviso ao Concello de calquera anomalía ou perigo existente polos medios establecidos de antemán (mail, tlf, whatsapp,...).



-Deberá supervisar o bo estado das instalacións (árbores, pechamentos, céspede, pragas...), avisando ao Concello de calquera anomalía ou perigo existente.

- Servizo de limpeza.

Realizar a limpeza das barras, mobiliario, menaxe, cristais, solo, etc. dos recintos destinados a café – bar .

Recollida diaria das papeleiras.

Limpeza diaria de tódolos stands, especialmente os aseos, coa periodicidade que sexa necesario para garantir a hixienización e a lo menos dous veces ao día, a existencia de papel e o bo funcionamento do peche interior, en todo momento.

- Servizo de restauración, implica a obrigaón de subministrar refrescos, snacks, xeados, café ou semellantes, ademais de bocadillos e sandwiches.

- Servizo da oficina turística implica as tarefas de difusión, información e entrega de documentación dos valores turísticos do Concello así como da información que a Alcaldía considere necesarias dar aos usuarios para esta finalidade.

Ademais dos deberes específicos arriba citados o contratista deberá cumprir co seguinte:

- Respetar no exercicio das actividades a normativa vixente para estes establecementos especialmente as normas hixiénico- sanitarias, de consumo etc. Así mesmo deberá estar en posesión do carne de manipulador de alimentos e do curso de alérxenos.

-O adxudicatario deberá estar ao día nos seus deberes laborais, coa Seguridade Social e tributarias e dar de alta no réxime específico da Seguridade Social a tódolos traballadores ofertados e presentará documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón ao menos unha vez ao mes (contrato, nómina, boletíns cotización, ...).

- O adxudicatario está obrigado a subscribir unha póliza de seguros que cobra as posibles responsabilidades, incluíndo a responsabilidade civil por danos ás instalacións e a terceiros por importe mínimo de 600.000,00 €.

- O adxudicatario ten o deber de comunicar cun mes de antelación a renuncia á concesión. En caso de abandono das súas responsabilidades, sen o preaviso coa antelación establecida, perdería a totalidade da fianza entregada no momento da sinatura do contrato.

III.- CONDICIÓNS DO SERVIZO E HORARIOS

A duración do contrato será ata o 31 de decembro do 2024, coa posibilidade de prórroga dun ano por acordo de ambas partes.

Período de funcionamento do servizo:

-Período tempada baixa: Se iniciará mínimo dende Semana Santa (tódolos días non lectivos na escola), festivos e visperas de festivos e fins de semana (venres, sábado e domingo) ata o 31 de maio e do 1 a 30 de setembro. Co horario de apertura mínimo de 13:00 a 20:00 horas, podendo permanecer aberto ata a hora establecida pola ORDEN do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas para el ano 2024.

-Período de tempada alta: Tódolos días de xuño, xullo e agosto cun horario mínimo de 12:00 a 21:00 horas. podendo permanecer aberto ata a hora establecida pola ORDEN do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas para el ano 2024.

As instalacións estarán abertas ao público todo o período e horario de apertura das instalacións dos charcos da área termal.



IV.- FACULTADES DO CONCELLO

O responsable do contrato controlará e fiscalizará, que a prestación do servizo se desenvolva de forma convida e, dará as instrucións para o correcto desenvolvemento do obxecto do contrato.

O responsable do contrato interpretará o contrato e resolverá as dúbidas na súa execución.

Proporá modificacións, no seu caso, que serán aprobadas polo órgano de contratación, previa audiencia do contratista. Con suxeición ás determinacións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cando as circunstancias o aconsellen, mediante Resolución da Alcaldía, poderá suspenderse temporalmente a obrigaón do mantemento do servizo.

V.- EQUIPAMENTO E MOBILIARIO APORTADO POLO CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.

ALMACÉN

-Moble fregadeiro

-Termo eléctrico

-4 estantes

CASETA BAR

- Moble con fregadeiro

Todo o equipamento e mobiliario relacionado anteriormente, se atopa en diferentes grados e estados de conservación e utilización. Aos licitadores lles corresponderá verificar, segundo o seu criterio, a súa posible utilización.

VI.- REVERSIÓN DE BENS E INSTALACIÓNS

Sen prexuízo das instalacións, equipamento e mobiliario aportado polo Concello para a prestación deste servizo especificados na cláusula anterior e unha vez finalizada a vixencia do contrato, reverterán ao Concello de Cenlle, gratuitamente, e no perfecto estado de uso, tódalas melloras de carácter fixo realizadas polo adxudicatario nas instalacións durante a vixencia do contrato.

En todo caso, calquera obra, instalación ou mellora que pretenda realizar o adxudicatario, deberá ser previamente autorizada polo Concello de Cenlle

VII.- PERSOAL

O persoal que empregue o adxudicatario para a prestación deste servizo non terá relación laboral algunha co Concello de Cenlle, dependendo única e exclusivamente de aquel. Consecuentemente, o adxudicatario ostentará tódolos dereitos e obrigaóns inherentes a súa condición de empregador respecto do dito persoal, de acordo coa lexislación vixente na materia e coa que, no sucesivo, se promulgue, sen que, en ningún caso, resulte responsable o Concello das obrigaóns mutuas entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda que os despedimentos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento ou interpretación deste contrato.

Cenlle, 2 de febreiro de 2024

A Alcaldesa

